



## ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO DA PRAZA DE OFICIAL ADMINISTRATIVO, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA ADMINISTRATIVO, INCLUÍDA NA OEP 2023

Sendo as 8:50 horas do día 19 de febreiro de 2026, na Casa do Concello de Bergondo, xúntanse os integrantes do Tribunal cualificador constituído en sesión do 2 de febreiro de 2026, baixo a Presidencia de Laura Gutiérrez Ortiz (funcionaria de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Bergondo), os vogais, Federico Suárez Cancelo (funcionario de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Oroso), Raúl Martínez Martínez (funcionario de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Cerceda) e Alberto Rilo Nogueira (funcionaria de carreira do Concello de Bergondo), actuando como secretaria, Ana María Cacharrón Castelos (funcionaria de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Bergondo)

Existindo quórum suficiente para as actuacións do día de hoxe, polo Tribunal compróbanse os medios e as condicións para a realización do segundo dos exercicios da oposición, regulado na base 7ª as bases específicas (BOP núm. 211 do 04.11.2025).

Como normas de execución do segundo exercicio sinálasen as seguintes:

- Deberán apagarse e gardarse os teléfonos móbiles ou dispositivos electrónicos antes de iniciar a proba.
- Empregarase bolígrafo azul ou negro para a realización da proba.
- Na proba garantirase o anonimato dos aspirantes. Para o cal, deberán cubrir un folio que se lles entregará nun sobre pequeno, no que figura un código numérico, cos seus datos personais. Ese folio, introducirase unha vez cuberto e asinado, no sobre pequeno que guardárase pechado dentro dun sobre grande, xunto co exame. No exame só poden poñer o código numérico asignado, sen ningún outro tipo de marca nin dato que vulnere o devandito anonimato. No caso de incumprir este punto, excluírase ao aspirante. Se o exame non ten o código asignado, non se correxirá.
- Para o sorteo dos temas a desenvolver neste exercicio, disporá o Tribunal dunhas fichas cos números dos temas da segunda parte do temario, segundo a súa numeración publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP núm. 211 do 04.11.2025), que insacularanse nunha bolsa de tela opaca, procedendo de seguido á elixir ao chou catro temas.

Ás 9:00 horas o Tribunal trasládase ao lugar de celebración do segundo exercicio da oposición, a Casa da Cultura do Concello de Bergondo.

Ás 9:15 horas, procédese ao chamanento único dos aspirantes, segundo o disposto na Base 7ª.1 das Bases xerais reguladoras dos procesos de selección das prazas incluídas nas ofertas de emprego público 2023, 2024 e 2025 (BOP núm. 211 do 04.11.2025). Preséntanse os seguintes candidatos, logo da comprobación da súa identidade:

| Nº | Apelidos e Nome    | DNI       |
|----|--------------------|-----------|
| 1  | Agras Pérez, Rocío | ***5991** |
| 2  | Bello Lema, Lucía  | ***7157** |

|    |                                     |           |
|----|-------------------------------------|-----------|
| 3  | Cruz Ceide, María                   | ***4083** |
| 4  | Dacosta González, Paula             | ***8218** |
| 5  | Díaz Solano, Marta                  | ***3185** |
| 6  | Fernández Alcol, Marina             | ***9793** |
| 7  | García Campos, Ana Isabel           | ***9829** |
| 8  | García Sánchez-Bálgoma, María Pilar | **9293**  |
| 9  | González Vaamonde, Mónica           | ***2040** |
| 10 | Jiménez Román, Elena                | ***4380** |
| 11 | Leira López, Rosa Lorena            | ***5572** |
| 12 | Martínez Martínez, Pilar            | ***5370** |
| 13 | Quintela Díaz, Laura Ángeles        | ***5550** |
| 14 | Regueiro Viqueira, María del Carmen | ***5741** |
| 15 | Ruiz Valencia, Alberto              | ***0836** |
| 16 | Suárez Expósito, Ignacio Ramón      | ***8543** |
| 17 | Vázquez Cortizo, Julia              | ***7499** |
| 18 | Vilasuso Bergantiños, Víctor José   | ***6213** |

Polo Tribunal infórmase aos aspirantes das normas que rexerán a execución do exercicio e dáse lectura á base 7ª, segundo exercicio das bases específicas (BOP núm. 211 do 04.11.2025):

**“Segundo exercicio:**

*Consistirá na exposición, por escrito, de dous temas, elixidos polos aspirantes de entre un mínimo de catro sacados ao chou polo Tribunal, antes da celebración do exercicio, dos que conforman a parte específica do programa Anexo a estas Bases. O tempo máximo de realización deste exercicio será de dúas horas.*

*Neste exercicio valorárase a formación xeral, a claridade e orde de ideas, facilidade de exposición escrita, e a capacidade de síntesis. Tras o remate do tempo de exposición escrita, o tribunal poderá determinar a lectura individualizada do exercicio, podendo requirir ao aspirante aclaracións explicativas ao respecto da exposición escrita.*

*O exercicio será cualificado de 0 a 10 puntos, e será preciso alcanzar un mínimo de 5 puntos para superalo. O aspirante que non acade 5 puntos será eliminado do proceso selectivo.*

*Corresponderá ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar a puntuación mínima”*

A continuación, procédese ao sorteo dos temas que desenvolverán os aspirantes neste exercicio. O Tribunal dispón das fichas cos números dos temas da segunda parte do temario, segundo a súa numeración publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 211 do 4 de novembro de 2025, que insaculan nunha bolsa de tela opaca, procedendo de seguido á elixir ao chou catro temas, co seguinte resultado:

**Tema 25. Ordenanzas e regulamentos das Entidades Locais: Clases. Procedemento de elaboración e aprobación.**



## **Tema 31. As situacións administrativas dos empregados públicos locais.**

**Tema 46. Recursos dos concellos: Tributos propios. Imposto sobre Bens inmobles. Imposto sobre actividades económicas. Imposto sobre os vehículos de tracción mecánica. Imposto sobre construcións instalacións e obras. Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.**

**Tema 49. A actividade en materia de subvencións das Entidades Locais (2): xustificación de subvencións. Infraccións e sancións en materia de subvencións. A Base Nacional de Subvencións**

A continuación sendo as 9:30 horas comeza o exercicio dispoñendo os aspirantes de dúas horas, ata as 11:30 horas para a súa execución, agás a aspirante á que se lle estimou a solicitude efectuada ao abeiro da Orden Ministerial PJC/804/2025, de 23 de julio, disporá de 30 minutos máis sobre as 2 horas sinaladas a base 7ª as bases específicas (BOP núm. 211 do 04.11.2025) para a execución do 2º exercicio.

Rematado o exame, o Tribunal trasládase á Casa do Concello de Bergondo retomando a sesión ás 12:25 horas. Como criterio previo de corrección do exercicio, o Tribunal acorda distribuir a puntuación do seguinte xeito: 4 puntos sobre 10, cada un dos temas que desenvolva o aspirante e 2 puntos á claridade, orde de ideas, facilidade de exposición escrita, capacidade de síntese. A continuación procédese á corrección do exercicio segundo.

O resultado da corrección é o seguinte, indicando código do aspirante e nota acadada:

| CÓDIGO | NOTA |
|--------|------|
| 110    | 6    |
| 55     | 3,50 |
| 60     | 6,25 |
| 42     | 5,50 |
| 31     | 8,75 |
| 54     | 4    |
| 59     | 4    |
| 49     | 7,25 |
| 108    | 6,50 |
| 50     | 5,75 |
| 35     | 3    |
| 119    | 3,75 |
| 45     | 2    |
| 43     | 4    |
| 117    | 0,50 |
| 28     | 3,50 |
| 109    | 2,50 |
| 29     | 3    |

Finalizada a corrección do segundo exame da oposición o Tribunal, por unanimidade, **ACORDA:**

**Primeiro.** Publicar a corrección do segundo exame no Taboleiro de anuncios da Sede electrónica, outorgando un prazo de tres días hábiles, contados dende o seguinte á súa publicación na Sede electrónica, para os efectos de reclamacións ou alegacións.

**Segundo.** Sinalar como data do acto público de apertura dos sobres coa identidade dos aspirantes, **o luns 23 de febreiro de 2026, ás 9:30 horas, no salón de sesións da Casa do Concello**, coa presenza da Presidenta e da Secretaria do Tribunal.

**Terceiro.** Sinalar como data do **terceiro exame da oposición, o venres 27 de febreiro de 2026, ás 9:00 horas na Casa da Cultura do Concello de Bergondo, 15165 Bergondo (A Coruña)** [coordenadas: 43.320315, - 8.235021; <https://maps.app.goo.gl/sUR6jG6epxcVi3Hj7>]

**Cuarto.** Publicar o acordado no Taboleiro de anuncios da Sede electrónica (Base 7ª.1 das Bases xerais reguladoras dos procesos de selección das prazas incluídas nas ofertas de emprego público 2023, 2024 e 2025 (BOP núm. 211 do 04.11.2025).

Non sendo outro o obxecto desta xuntanza, dáse por rematada a mesma, redactándose a presente acta que se asina de xeito telemático a través da sala de sinaturas de portafirmas dependente da Deputación Provincial da Coruña (<https://www.dacoruna.gal/portafirmas/>) por tódolos integrantes do Tribunal. Dou fe; a secretaria

A Presidenta

Os Vogais

A secretaria